



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE FAI PÚBLICA A OFERTA DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS NO EXTERIOR.

Atendendo ao establecido na disposición adicional segunda da Orde do 30 de abril de 2014 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2014/2015 destinadas ao funcionario docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión (DOG do 12 de maio), esta Dirección Xeral,

RESOLVE, ofertar as seguintes prazas no exterior:

País	Rexión	Data	Nº de prazas	Destinatarios
Francia	Amiens	Do 04 de novembro ao 28 de novembro de 2014	10	PES

Obxecto das prazas:

A actividade de formación está encamiñada á integración do profesorado seleccionado nun centro de Educación Secundaria, en Francia durante o período indicado.

O profesores e profesoras participarán activamente na vida diaria do centro educativo adjudicado, nas diferentes clases na lingua estranxeira e nas seccións bilingües francés/castelán e nas celebracións e festividades que realice o centro de destino.

Segundo o procedemento da orde de convocatoria:

As persoas interesadas deberán cumprir cos requisitos mencionados no artigo 3 da convocatoria da Orde do 30 de abril de 2014 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2014/2015 destinadas ao funcionario docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión (DOG do 12 de maio).

Documentación a presentar para as prazas de Francia:

1. Solicitud utilizando o modelo do Anexo II da mencionada Orde para a modalidade 6.
2. Certificación acreditativa de dispor do nivel B2 na lingua estranxeira do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), agás para o profesorado especialista.
3. Anexo VI da orde cuberto e asinado.
4. Proxecto do plan de perfeccionamento que se pretenda acometer con base na lingua estranxeira que se vaia perfeccionar, segundo o estipulado na citada orde.



5. Compromiso de formar parte dun irmandamento co centro de acollida e participar en futuras actividades que se levarán a cabo coa Académie d'Amiens ao longo do curso 2014-2015.
6. Unha presentación en lingua francesa sobre o sistema educativo español en xeral e do sistema educativo galego en particular, facendo fincapé en aspectos culturais e relacionados cos programas de bilingüismo e promoción das linguas estranxeiras levados a cabo no seu centro.

Aloxamento:

O aloxamento será xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e será en casa de familia. O importe do aloxamento e das 3 comidas será de 550 euros, que correrá a cargo da persoa seleccionada.


Desprazamento:

O profesorado seleccionado deberá organizar a súa viaxe dende o seu domicilio ata o aeroporto de destino. As persoas seleccionadas, no seu caso, poden solicitar un reintegro para os desprazamentos segundo a Orde do 12 de maio de 2014 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2014 (DOG do 22 de maio). O prazo de presentación será de polo menos 20 días de antelación con respecto á data do comezo da actividade.

O prazo de solicitude remata o 5 de setembro de 2014.

Santiago de Compostela, 05 de xuño de 2014.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa


Manuel Corredoira López

